

# DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 6791/2023

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Planificación e Ordenación de Persoal

DECRETO DE ALCALDÍA

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

**MODIFICACIÓN BASES ESPECÍFICAS NA CATEGORÍA DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA A CONFECCIÓN DE LISTAS DE CONTRATACIÓN PARA PRAZAS DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS.**

1.- Visto o Decreto da Alcaldía 2023-2516, do 23 de outubro de 2023, mediante o que se aproban as Bases Específicas e a Convocatoria para a confección de listas de contratacións como persoal laboral temporal e nomeamentos como persoal funcionario interino para as categorías de Auxiliar Administrativo, Auxiliar de Axuda no Fogar, Oficial de 1ª (Albanel) e Técnico de Educación Infantil.

2.- Visto que con data 11 de decembro de 2024, finalizou o prazo de presentación de instancias trala publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de data 20 de novembro de 2023.

3.- Visto que nos requisitos para ser admitidos na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar non se fixo constar como requisito necesario estar en posesión do permiso de condución (B).

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na miña condición de alcaldesa, RESOLVO:

## RESOLUCIÓN

1.- Modificar o punto 2.- Requisitos, das bases Específicas e a Convocatoria para a confección de listas de contratacións como persoal laboral temporal e nomeamentos como persoal funcionario interino para as categorías de Auxiliar Administrativo, Auxiliar de Axuda no Fogar, Oficial de 1ª (Albanel) e Técnico de Educación Infantil, engadindo un punto e) Estar en posesión do permiso de condución (B) para a categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar

2.- Abrir un novo prazo de convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días hábiles a contar dende o seguinte á data da publicación do anuncio da modificación no BOPPO, na categoría de Auxiliar de Axuda no Fogar, coa modificación establecida no punto 1.

3.- As persoas que xa tiveran presentado a documentación para dita categoría no proceso anterior e cumpran todos os requisitos co engadido desta modificación non estarán obrigados a presentar a documentación de novo, así como aqueles aos que só lles faltase aportar o permiso de condución poderán facelo sen necesidade de volver a presentar a documentación xa presentada no proceso anterior.

MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ (1 para 2)  
Alcaldesa  
Data de Sinatura: 11/01/2024  
HASH: 9c25ee23a3c44c83e4e5f5c3d2e0ffe



Selo de Órgano de Secretaría (2 para 2)  
Concello de Ponteareas  
Data de Sinatura: 11/01/2024  
HASH: 33118836308173a0a8e2b63e988723e7



DECRETO  
Número: 2024-0033  
Data: 11/01/2024

Cod. Validación: 9M4QGMHCDAAMPWYTAQ9HKR5T  
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



4.- Publicar o anuncio da modificación indicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na sede electrónica deste Concello, dirección <https://ponteareas.sedelectronica.gal> e de forma complementaria na páxina web municipal <https://ponteareas.gal>.

5.- Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente modificación no BOPPO, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente modificación no BOPPO, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Si optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso -administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Ponteareas, documento asinado electronicamente

A Alcaldesa

Mª Nava Castro Domínguez

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**DECRETO**  
Número: 2024-0033  
Data: 11/01/2024

Cod. Validación: 9M4QGMHCDAAMPWYTAQ9HKR5T  
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

